

## Guía básica 2020-2021

A continuación resúmense os aspectos máis salientables do plan de prevención da nosa facultade fronte á COVID-19. Lembramos que é imprescindible ler o Plan de Prevención e Control Sanitario elaborado para a nosa facultade. Prégase que todas e todos nós esteamos atentos a calquera cambio no protocolo, co fin de manter a seguridade sanitaria en todo momento. Tamén rogamos que calquera incidencia se comunique o máis rápido posible ao equipo decanal e á conserxería, co fin de darlle solución e evitar situacións de perigo para a saúde.

1. É moi importante lavar as mans con frecuencia con auga e xabón durante máis de 40 segundos ou utilizar o xel hidroalcohólico situado en todas as aulas e nos corredores. É obrigatorio facelo á entrada e saída dos pavillóns e das aulas.
2. Sala COVID: a aula B14 é a sala onde se confinará a calquera persoa que teña síntomas compatibles coa COVID-19 ata que cheguen os servizos de urxencia. No caso de que algunha persoa presente síntomas, deberase contactar co decano, José Montero Reguera, no teléfono 647343170. Acompañarase á persoa con síntomas á Sala COVID e facilitaráselle unha máscara cirúrxica así como á persoa que a acompañe; avisarase á familia de que debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de atención á COVID-19 (900400116). Se a persoa presenta dificultade para respirar ou se detecte unha situación grave, avisarase ao 112.
3. É obrigatorio o uso de máscara en todas as dependencias do centro sen excepción. Tamén é obrigatorio o seu uso nas aulas, tanto para o profesorado como para o estudantado. O estudantado deberá manter unha distancia mínima de 1,5m, tamén ao entrar e ao saír da aula. O profesorado manterá unha distancia de 2m respecto ao estudantado.
4. O estudantado deberá utilizar sempre o mesmo posto na aula. Os postos que poden ser utilizados están sinalizados cun adhesivo de cor verde. Ao chegar o primeiro día deberán escribir o seu nome con bolígrafo nos adhesivos brancos que haberá en cada un dos postos.
5. Ao entrar nas aulas, o estudantado e o profesorado deberán utilizar o código QR correspondente que se encontrará nas mesas, bancadas, etc. (para o alumnado) e na mesa do profesorado. Este método substituirá o parte de aula en papel. No caso de que ao inicio do curso o QR non estea dispoñible, o profesorado pasará lista, co fin de poder facer o rastrexo no caso de detectarse un positivo por COVID-19.
6. Nas aulas está rotulado o aforo máximo. No caso de que o mobiliario sexa móbil, non se deben mover nin as cadeiras nin as mesas.
7. O estudantado e o profesorado, á entrada e saída da aula, deberá desinfectar o seu posto cos panos de papel e o desinfectante virucida que estará dispoñible en cada aula. No caso de uso da sala de ordenadores, o estudantado colocará un film transparente sobre o teclado e sobre o rato, que retirará ao finalizar a clase e tirará nas papeleiras de pedal.

Posteriormente procederá tamén á desinfección do seu posto co virucida. Pregamos ao profesorado que contemple as accións de desinfección dentro do marco horario da súa materia.

8. As profesoras e profesores deberán responsabilizarse de realizar o seguinte protocolo na aula:
  - a. Ventilar 5-10 minutos o espazo se estaba previamente ocupado. As fiestras deberánse abrir evitando a formación de correntes de aire. En cada aula haberá unha chave para poder abrilas. Sempre que sexa posible, deberá manterse a ventilación durante toda a clase.
  - b. Organizar a entrada e saída na aula de tal xeito que as e os estudantes respecten a distancia de 1,5m e que laven as mans co xel situado á entrada de cada aula.
  - c. Profesorado e estudantado deberán desinfectar o seu posto e o material e equipamento utilizado antes e despois de utilizalo cos panos ou papeis e o desinfectante con actividade virucida dispoñible nas aulas, instalacións e laboratorios.
  - d. Respectar o aforo das aulas (indicado na porta) e vixiar para que o alumnado ocupe o posto sinalado cun adhesivo verde.
  - e. Evitar o intercambio de material na aula.
9. Na porta dos aseos estará marcado o aforo máximo. Pregamos que antes de entrar nos aseguremos de que este aforo non se supera.
10. As portas e os corredores teñen sinalizadas a dirección da marcha e as preferencias. Deberá respectarse esta sinalización.
11. Todas as persoas deben camiñar polo seu lado dereito, mantendo unha distancia de seguridade de 1,5m co resto dos viandantes. Evitaranse os xuntorios de persoas e nas zonas comúns dos pavillóns procurarase non formar grupos de persoas.
12. Calquera consulta ao equipo decanal realizarase mediante correo-e. De ser preciso facelo de xeito presencial, solicitarase cita previa:
  - a. Decano: [fft.decan@uvigo.es](mailto:fft.decan@uvigo.es)
  - b. Vicedecano de Organización Académica: [fft.organizacion@uvigo.es](mailto:fft.organizacion@uvigo.es)
  - c. Vicedecana de Calidade: [fft.calidade@uvigo.es](mailto:fft.calidade@uvigo.es)
  - d. Vicedecana de Relaciones Internacionales: [fft.internacional@uvigo.es](mailto:fft.internacional@uvigo.es)
  - e. Vicedecana de Comunicación, Captación e diversidade: [fft.comunicacion@uvigo.es](mailto:fft.comunicacion@uvigo.es)
  - f. Secretario: [fft.secretari@uvigo.es](mailto:fft.secretari@uvigo.es)